

Acoso sexual e acoso por razón de sexo



SABÍAS QUE...?

Todas as empresas, independentemente do seu tamaño, están obrigadas a poñer en marcha medidas de prevención do acoso sexual e por razón de sexo e informar o seu cadro de persoal da súa existencia.

PERO... QUE É O ACOSO SEXUAL E O ACOSO POR RAZÓN DE SEXO?

Considérase acoso sexual calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.

Considérase acoso por razón de sexo calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, atentando contra a súa dignidade e creando unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.

CHANTAXE SEXUAL E ACOSO AMBIENTAL

Son dúas formas de acoso sexual. A chantaxe sexual ten lugar cando se forza a vítima para escoller entre someterse aos requirimentos sexuais ou perder certos beneficios ou condicións de traballo.

O acoso ambiental é un comportamento sexual que é indesexado para a vítima e crea unha contorna intimidatoria, humillante e ofensiva para ela, pero que carece do compoñente da chantaxe sexual.



QUE SE PODE CONSIDERAR ACOSO SEXUAL NO TRABALLO?

Estes son algúns exemplos de acoso sexual no traballo:

- Bromas sexuais ofensivas e comentarios sobre a aparencia física, orientación sexual ou identidade de xénero da persoa.
- Coqueteos ofensivos, comentarios insinuantes, indirectas ou comentarios obscenos.
- Difusión de rumores sobre a vida sexual ou de vídeos de contido sexual dunha persoa.
- Chamadas telefónicas ou contactos por redes sociais non desexados.
- Invitacións ou presións para concertar citas ou encontros sentimentais ou sexuais, ou para retomar as relacións sentimentais ou sexuais tras unha ruptura.
- Contacto físico deliberado e non solicitado (bicar, tocar etc.) ou achegamento físico excesivo ou innecesario.

QUE SE PODE CONSIDERAR ACOSO POR RAZÓN DE SEXO NO TRABALLO?

Estes son algúns exemplos de acoso por razón de sexo no traballo:

- Xulgar o desempeño da persoa de maneira ofensiva, ocultar os seus esforzos e habilidades.
- Negar ou ocultar os medios para realizar o traballo ou facilitar datos erróneos.
- Ordes contraditorias ou imposibles de cumprir.
- Cambiar a localización da persoa e separala dos seus compañeiros/as (illamento).
- Burlas dos xestos, voz, da aparencia física, discapacidades, poñer alcumes etc.
- Ataques, burlas... polo exercicio dos dereitos vinculados á conciliación da vida familiar e persoal.

COMO SE PODE PREVER O ACOSO DESDE AS ORGANIZACIÓNS?

Un dos mecanismos que poden empregar as organizacións para evitar e prever o acoso é o protocolo de acoso sexual ou por razón de sexo. Pregunta na túa empresa polo seu contido e préstalles especial atención, ademais de ás definicións e aos exemplos, ao procedemento de actuación ante condutas de acoso sexual e por razón de sexo.

E MÁIS!!!

Desde a Dirección Xeral de Relacións Laborais temos ao dispor das empresas materiais que lles axuda a elaborar os seus protocolos de actuación como a **Guía para a prevención e tratamento do acoso sexual e do acoso por razón de sexo nas pemes** que podes descargar na sección de Recursos da nosa páxina web. Tamén ofrecemos formación ao respecto a través do Campus en liña.

Onde podo aprender máis sobre igualdade na empresa?



aigualdade laboral.gal



igualdade-laboral.gal